

Dille alto e claro á Patronal AEC, XA ABONDA de precarizar o sector de consultoría, asinando esta petición



O noso compañeiro, Raúl de la Torre, pide que, axudémos a deter a fuga de talentos a outros países fuxindo da extrema precarización das súas condicións laborais, **asinando a súa petición** en Change.org: <http://bit.ly/noprecarytic>

Como xa sabedes, levamos varios meses mobilizándonos para que a patronal AEC (Asociación de empresas de Consultoría) **retire a súa proposta inaceptable** para o convenio, con xornadas máximas de 12 horas efectivas ao día ou de regularizar o "horario de servizo", o que lles permitiría cambiar a xornada o seu antollo e facer que traballemos sábados e domingos, no horario que queiran, cun simple aviso previo/previo aviso de 5 días, entre outras perlas.

Pero a patronal e os seus asociados continúan alleos á realidade das súas plantillas e **centran a súa estratexia en precarizar**, aínda máis, as condicións laborais e obter así o maior rédito económico posible, sen empatizar o máis mínimo coas persoas que traballamos no sector, que **perdemos dereitos cada ano**, sabéndonos os verdadeiros artífices dos miles de millóns de beneficios que as súas empresas asociadas obteñen.

O resultado, a desesperación absoluta do sector, ante a incapacidade de ter unha vida digna, e a maior das frustracións, ao ver que a brecha salarial entre postos de dirección e persoal é cada vez maior. Isto provocou que moitos profesionais estén fartos de esperar un cambio de actitude nas súas empresas e vexan, como única saída, emigrar a outros países en busca dun emprego de calidade e xustamente remunerado.

É por todo isto que vos pedimos que apoiades **esta iniciativa asinando a petición**. Non baixedes os brazos e **loitade polos vosos dereitos**, que a AEC senta cada firma como o que é, unha voz que grita con firmeza:

XA ABONDA DE PRECARIZAR AS TIC!

CCOO non vai parar ata conseguir unhas condicións dignas para o máis de medio millón de persoas afectadas por este convenio, pero o voso apoio e estas iniciativas, fanse indispensables para que a patronal senta que detrás temos o respaldo de todo o sector.

ESTA VEZ VANOS ESCOITAR!

E non esquezas darlle máxima difusión en redes sociais # ConvenioTICdigno # NoPrecaryTIC.

CCOO É O TEU SINDICATO AGORA MÁIS QUE NUNCA. [AFÍLIATE!](#)